

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 2 de agosto de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do día 2 de agosto do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Gabriel Rodríguez Alonso*, Secretario Acctal., e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Non asiste o deputado *Roberto José Álvarez Carrero*, nin a deputada *María Nava Castro Domínguez*, xustificando as súas ausencias.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e *María Isabel Conselo Torres* e o deputado e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34097.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 26 de xullo de 2024.

2.34098.- APROBACIÓN DO PROXECTO “+RÍAS.- A IMPORTANCIA DA SOSTIBILIDADE AMBIENTAL E SOCIOECONÓMICA DAS RÍAS BAIXAS COMO MOTOR DA ECONOMÍA AZUL NA CONTORNA DA REDE NATURA 2000”, PRESENTADO Á CONVOCATORIA 2023 DA FUNDACIÓN BIODIVERSIDADE F.S.P., PARA O FOMENTO DA ECONOMÍA AZUL E O IMPULSO DA SOSTIBILIDADE PESQUEIRA E ACUÍCOLA, NO MARCO DO PROGRAMA PLEAMAR, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DE PESCA E DE ACUICULTURA (FEMPA). (Expte.2024003061)

A través da Orde TED/920/2023, do 18 de xullo, aprobáronse as bases reguladoras da concesión de subvencións da Fundación Biodiversidade, F.S.P., en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento da economía azul e o impulso da sostibilidade pesqueira e acuícola, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, publicada no Boletín Oficial do Estado Núm. 183, con data 2 de agosto de 2023 e na Convocatoria de concesión de subvencións pola Fundación Biodiversidade F.S.P., en réxime



de concorrencia competitiva, para o fomento da economía azul e o impulso da sostibilidade pesqueira e acuícola, no marco do Programa Pleamar, cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) en 2023, publicada por Resolución do 15 de novembro de 2023.

O 19/01/2024 a Deputación de Pontevedra presentou a dita convocatoria o proxecto *A importancia da sostibilidade ambiental e socioeconómica das Rías Baixas como motor da economía azul na contorna de Rede Natura 2000*, sendo o acrónimo +Rías, cuxo obxectivo xeral é aumentar, a través dun enfoque integrador e participativo, a sensibilización ambiental e fomentar a conciencia ecolóxica entre as e os profesionais do mar, a poboación infantil e a sociedade en xeral con respecto aos impactos da actividade do ser humano no medio costeiro e mariño, así como transmitir a importancia da protección e conservación da biodiversidade e os ecosistemas mariños e, en particular en espazos protexidos, poñendo en valor os produtos do mar locais e sostibles.

Tras o requirimento por parte da Fundación Biodiversidade (FB) de documentación para emendar a solicitude o 11/03/2024 e unha vez presentada pola Deputación de Pontevedra, a FB publica a Resolución da Dirección da Fundación Biodiversidade, F.S.P., pola que se publica o listado de solicitudes admitidas e inadmitidas da convocatoria anteriormente citada, na que a Deputación de Pontevedra resulta admitida para ser avaliada en concorrencia competitiva conforme aos criterios de avaliación técnica do artigo 7.5 da convocatoria.

Así mesmo, o 31/05/2024 recíbese comunicación da FB conforme a solicitude foi preseleccionada e requírese a presentación da documentación recollida no artigo 8 da convocatoria así como a reformulación ou corrección de aspectos técnico-económicos, presentado pola Deputación de Pontevedra o 11/06/2024.

Finalmente, o 19/07/2024 publícase a resolución da dirección da FB, pola que se resolve a convocatoria de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, na que a Deputación de Pontevedra figura na relación de entidades beneficiarias recollidas no Anexo I, coas seguintes condicións económicas:

Importe total proxecto	Subvención concedida (70%)	Achega FEMPA	Achega FB	Contribución beneficiario (DEPO)
132.614,13 €	92.829,89 €	92.829,89 €	0,00 €	39.784,24 €

Porén, os compromisos asumidos pola Deputación de Pontevedra no marco do proxecto +Rías ascenden a 39.784,24 €.



Segundo esta subvención concedida, a desagregación do orzamento é a seguinte:

Tipo de partida	Partida	Importe (€)
Directos	Persoal	71.938,44
	Dietas, desprazamentos e aloxamento contraídos pola persoa traballadora	2.500,00
	Contratacións	49.500,00
	Total gastos directos	123.938,44
Indirectos	Costes indirectos (7% costes directos)	8.675,69
	Total proxecto	132.614,13

Para o inicio do proxecto é necesario realizar a aprobación do mesmo, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo Comité de Avaliación, financiado polo FEMPA. Con data 26/07/2024, o Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra emite informe favorable a esta aprobación.

Por todo o exposto anteriormente, en base aos antecedentes e normativa aplicable, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto “+Rías.- A importancia da sostibilidade ambiental e socioeconómica das rías baixas como motor da economía azul na contorna da rede natura 2000”, presentado á convocatoria 2023 da Fundación Biodiversidade F.S.P., para o fomento da economía azul e o impulso da sostibilidade pesqueira e acuícola, no marco do programa Pleamar, cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
- Aprobar a distribución de gasto cos importes que correspondan a esta Deputación provincial dentro do total do proxecto.
- Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gastos” tal e como establece a base 27 de execución do orzamento provincial.



3.34099.- REPARTO DE AXUDAS Á CONFRARIÁS DE PESCADORES, FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARIÁS E AGRUPACIÓNS DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA “INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES DURANTE O EXERCICIO 2024”. (Exptes.2024023898 e 2024002959)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 6 de maio de 2024, número de acordo 4.33732, aprobou as Bases Reguladoras das axudas a Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra, cun orzamento total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00€), e foron publicadas no BOPPO número 91 do 9 de maio de 2024 distribuídas da seguinte maneira:

Programa	Aplicación	Importe
Investimentos	24/410.4150.789.02	75.000,00€
Gastos correntes	24/410.4150.489.01	175.000,00€

A base reguladora décimo terceira indica que correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente a instrución do procedemento, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Asemade, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función de que o gasto das solicitudes seá subvencionable, previa fiscalización do Servizo de Intervención, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente.

Unha vez finalizado o prazo de solicitudes, e de acordo con estas bases, con código seguro de verificación (CSV): 9FM6C6SOYXKD7DFM, formuláronse catorce solicitudes (14) para “Investimentos” e vinte e dúas (22) para “Gastos correntes”, en total trinta e seis (36) solicitudes.

De acordo cos criterios de valoración establecidos na base *décimo segunda*, procedeuse a valorar todas as solicitudes, tendo en conta os límites sinalados na mesma base.

Unha vez feita a valoración e aplicado o algoritmo da plataforma de subvencións facilitado polo Servizo de Novas Tecnoloxías, obtéñense unhas propostas de reparto que quedan tal e como figura nos listados que se xuntan a este informe, e que figuran co CSV: PN32MFVRLNX0JJQE para inversións e co CSV: 9FM6C6SOYXKD7DFM para gastos correntes.

O importe a repartir é de setenta e tres mil corenta e dous euros con sesenta e un céntimos (73.042,61 €), no caso de inversións, con cargo á aplicación 24/410.4150.789.02 e de cento setenta e cinco mil euros (175.000,00€), no caso de gastos correntes, con cargo á aplicación orzamentaria 24/410.4150.489.01. que fan un total de 248.042,61 €.



Vistos os informes emitidos, en relación o reparto das axudas, pola xefa do Servizo de Medio Ambiente do 04/07/2024, de Intervención do 08/07/2024, a restante documentación que figura no expediente, e considerando o disposto nas bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o reparto das axudas a Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de Mariscadoras do ano 2024 para investimentos e gastos correntes, do xeito seguinte:

- Por importe de setenta e tres mil corenta e dous euros con sesenta e un céntimos (73.042,61 €), no caso de inversións, con cargo á aplicación 24/410.4150.789.02 e de cento setenta e cinco mil euros (175.000,00€), no caso de gastos correntes, con cargo á aplicación orzamentaria 24/410.4150.489.01, do vixente Orzamento Provincial.
- Ditas cantidades resultan das relacións que se achegan na proposta de acordo con CSV: PN32MFVRLNX0JJQE para inversións e con CSV: P944F0RENP8YGSR4 para gastos correntes, e que se aproban no presente acto.

4.34100.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE CREACIÓN, POSTA EN MARCHA E XESTIÓN DA OFICINA DE TRANSFORMACIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (OTC DEPO)”. (Expte.2024018693)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 10 de maio de 2024, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “*Servizo de creación, posta en marcha e xestión da oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO)*”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 10 de maio de 2024, aparecendo publicado o día 13 de maio de 2024 (Anuncio de licitación 92/2024). Así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de maio de 2024; na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 30 de maio de 2024, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

- UTE *Eficiencia Energética de Galicia SLU* (NIF:B70266010) - *Valora Consultores de Gestión S.L.* (NIF:B15829443)
- *R2M Solution Spain S.L.* (NIF: B87348470)



- UTE *Senda Sostenible, SL* (NIF: B06967236) - *Impact Hub SLU* (NIF: B85461572) - *Creara Consultores,SL* (NIF: B84433424)
- Sertogal, S.L. (NIF: B32164782)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Cooperación para a súa valoración.

Recibido informe do servizo do Cooperación, de data 25 de xuño de 2024 (CSV: 6G4TGZ3Y7KJT1SE1), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 27 de xuño de 2024, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa Sertogal, S.L. (NIF: B32164782) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado, polo que se lle require xustificación.

Achegada a documentación requirida, o servizo de Cooperación, mediante informe de data 10 de xullo de 2024 (CSV: LL58PH3ZTJ088GMF), considera que a xustificación presentada pola empresa xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 12 de xullo de 2024, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión da empresa empresa UTE Eficiencia Energética de Galicia SLU (NIF: B70266010) - Valora Consultores de Gestión S.L. (NIF: B15829443) do procedemento seguido para a adxudicación do presente contrato, por non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor.

No mesmo acto, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa Sertogal, S.L. (NIF: B32164782), polos prezos e valores ofertados.

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 15 de xullo de 2024, comproba que a empresa Sertogal, S.L. (NIF: B32164782) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 2342, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, alta no Impostos de Actividades Económicas, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.



Mediante Resolución Presidencial número 2024005889 de 10/07/2024 o órgano de contratación acorda aceptar a proposta da Mesa de Contratación, de data 04/07/2024 (CSV: KGLFDYC9MGCW1T0H), de adjudicar o contrato, sempre e cando cumprimente correctamente a documentación establecida no artigo 150.2 da Lei de Contratos do Sector Público e nos pregos reguladores do procedemento, á empresa Sertogal, S.L. (NIF: B32164782) e requirirlle a dita empresa que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a restante documentación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Sertogal, S.L. (NIF: B32164782) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2024048373), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva por importe de 15.073,35€.

Asemade, de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adjudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adjudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A exclusión da oferta presentada pola empresa UTE *Eficiencia Energética de Galicia SLU* (NIF: B70266010) - *Valora Consultores de Gestión S.L.* (NIF: B15829443) do procedemento seguido para a adjudicación do presente contrato, por non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.



2.- A adxudicación do contrato de *Servizo de creación, posta en marcha e xestión da oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra* (OTC_DEPO a empresa *Sertogal SL* (CIF B-32.164.782) conforme ao seguinte detalle:

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	301.466,95 €
IVE (21 %):	63.308,06 €
Importe total ofertado:	364.775,01 €

2. Porcentaxe do orzamento base de licitación comprometido para a posta en marcha das actividades incluídas no Plan de Comunicación, a maiores do 10% mínimo esixido no apartado “3.5 Comunicación” do PPT:

Porcentaxe MÍNIMO de plan de Comunicación	Porcentaxe ofertado	Total de porcentaxe de plan de Comunicación
10%	5%	15%

3. Actividades de formación ofertadas:

- *Número de accións formativas intensivas destinadas ao Personal propio da OTC_DEPO:* 2 Accións formativas esixidas e 4 accións formativas adicionais
- *Número de cursos de formación para Xestores de CE de nova creación ou existentes:* 4 Accións formativas esixidas e 8 accións formativas adicionais
- *Número de formacións para Técnicos de entidades locais:* 4 Accións formativas esixidas e 8 accións formativas adicionais..

O prazo de execución do contrato será de 18 meses desde a data de formalización do contrato.

Financiación:

Fondos propios	PRTR
37,96 %	62,04%

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	2024/942.4251.227.06 (vinculación xurídica)	233.456,01 €
2025	2025/942.4251.227.06	131.319,00 €
Total		364.775,01 €



Forma de pagamento: parcial de acordo cos seguintes fitos de facturación:

O réxime de pagos farase en relación ao cumprimento dos seguintes fitos de facturación, aplicándose a porcentaxe correspondente sobre o importe da oferta económica gañadora (IVE incluído):

Fito	Ano	Descrición	%
1	2024	Á entrega da planificación da prestación dos servizos detallados no prego de prescricións técnicas e co visto e prace dos servizos técnicos de Deputación.	9,00%
2	2024	Finalización das “Xornadas de información e sensibilización” e as “Xornadas informativas en polígonos industriais”	35,00%
3	2024	Á finalización da prestación dos servizos de difusión, acompañamento, asesoramento, formación e comunicación planificados no 3º trimestre de 2024, e co visto e prace dos servizos técnicos de Deputación	10,00%
4	2024	Á finalización da prestación dos servizos de difusión, acompañamento, asesoramento e formación planificados no 4º trimestre de 2024, e co visto e prace dos servizos técnicos de Deputación.	10,00%
5	2025	Á finalización da prestación dos servizos de difusión, acompañamento, asesoramento, formación e comunicación planificados no 1º trimestre de 2025, e co visto e prace dos servizos técnicos de Deputación.	10,00%
6	2025	Á finalización da prestación dos servizos de difusión, acompañamento, asesoramento, formación e comunicación planificados no 2º trimestre de 2025, e co visto e prace dos servizos técnicos de Deputación.	10,00%
7	2025	Á finalización da prestación dos servizos de difusión, acompañamento, asesoramento, formación e comunicación planificados no 3º trimestre de 2025, e co visto e prace dos servizos técnicos de Deputación.	10,00%
8	2025	Á finalización da prestación dos servizos de difusión, acompañamento, asesoramento, formación e comunicación planificados para o peche o proxecto e a entrega da documentación completa necesaria para a xustificación da realización das actuacións levadas a cabo durante o proxecto obxecto da axuda, e co visto e prace dos servizos técnicos de Deputación.	6,00%



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024018693	
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: José Antonio Piñeiro Sineiro, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



5.34101.- RESOLUCIÓN DO LOTE 2 DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II CORRESPONDENTES CO EXPEDIENTE PR-D5000-2021-001085 DENTRO DO PROGRAMA DUS 5000 NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. (Expte.2023030782)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 20 de outubro de 2023, adxudicou á empresa Setga, S.L.U. (CIF: B36699064) o lote 2 “Proxecto 2.-Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis.” do contrato de subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 14 de novembro de 2023, establecendo un prazo de execución de 4 meses, contados desde a sinatura da acta de comprobación de replanteo.

Con data 13 de decembro de 2023, asinouse acta de comprobación de replanteo negativa, ao estar pendente a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que foi solicitada polo Concello de Caldas de Reis, con data 1 de decembro de 2023.

Á vista do exposto, e a proposta da responsable do contrato, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 22 de decembro de 2023, autorizou a suspensión do inicio da execución das obras desde o día 13 de decembro de 2023, ata que se autorizasen as actuacións pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Visto que, mediante escrito de 3 de xuño de 2024, a responsable do contrato informa que con data 5 de maio de 2024 recibíuse resposta da Dirección Xeral De Patrimonio Cultural en canto a dita autorización sectorial. O resultado da autorización ven condicionada imposibilitando a colocación de paneis fotovoltaicos na cuberta do edificio catalogado da Casa do Concello/ Antigo Cárcere.

Con data 27 de maio de 2024, asinouse acta de comprobación de replanteo negativa, que pon de manifesto que, debido a dita autorización condicionada, non se pode levar a cabo a execución de máis do 50% das obras.

En base ao exposto, a responsable do contrato propón a resolución do lote 2, ante a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados.



De conformidade co informe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, de data 12 de xuño de 2024, que conclúe o seguinte: “*Visto o informe da responsable do contrato, segundo os cal a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, impedindo a colocación de paneis fotovoltaicos na cuberta do edificio catalogado da Casa do Concello, Antigo Cárcere, supón a imposibilidade de executar máis do 50 por cento das obras, tal como constata o director de obra na acta de comprobación de replanteo negativa de 27 de maio de 2024, semella procedente acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato, pola causa establecida no artigo 211.1, letra g) da LCSP, dando audiencia ao contratista, e recadando o preceptivo informe da Secretaría.*”

Tendo en conta o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP) establece que, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de acordar a resolución dos contratos administrativos e determinar os efectos desta. O contrato poderá extinguirse por calquera das causas de resolución enumeradas nos artigos 211 e 306 da LCSP.

Visto que as actuacións obxecto do contrato están sometidas á autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que se outorga condicionada, impedindo a colocación de paneis fotovoltaicos na cuberta do edificio catalogado da Casa do Concello, Antigo Cárcere, o que supón a imposibilidade de executar máis do 50 por cento das obras, segundo a acta de comprobación de replanteo asinada polo contratista e o director da obra.

Tendo en conta que dita circunstancia constitúe causa de resolución segundo o artigo 211.1, letra g) da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, ao supoñer a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, sen que sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205.

De conformidade cos artigos 212 e 213 da LCSP, segundo os cales a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento desta Lei establézase.

Tendo en conta que os expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos no prazo xeral de tres meses establecido no artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC), ao declararse non conforme coa orde constitucional de competencias (Sentenza do TC 68/2021, de 18 de marzo) o prazo máximo de oito meses establecido para resolver estes expedientes no artigo 212 LCSP.

Tendo en conta que, canto ao procedemento de exercicio da referida prerrogativa de resolución, régulase no artigo 191 e na disposición adicional terceira, apartado 8, da mesma Lei, segundo os cales deberá darse audiencia ao contratista, sendo preceptivo o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma cando formule oposición. O acordo que adopte o órgano de contratación porá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo, sendo preceptivo o informe xurídico de Secretaría.



Visto que, mediante Resolución Presidencial núm. 2024005070, do día 14 de xuño de 2024, concedeuse audiencia a Setga, S.L.U. para que, no prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte á notificación, presentase as alegacións, documentos e xustificacións que estimara pertinentes. Transcorrido o prazo, a empresa non presenta alegación ningunha.

Tendo en conta o visto e prace da Secretaría co informe do xefe do servizo de Contratación, de data 22 de xullo de 2024.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 24 de xullo de 2024 que manifesta o seguinte: “ (...) *A data de hoxe, na contabilidade provincial non consta ningún pago ao adxudicatario estando pendentes os 48.877,40 € da adxudicación (ADREM 202400007935 por importe de 1.242,54 € na aplicación orzamentaria 24/942.1700.652.15.2021 e ADREM 202400007866 por importe de 47.634,86 € da 24/942.1700.652.15.2023), asemade, o 16 de outubro de 2023 constituíuse garantía definitiva, Carta de pago: nº operación: 202300213915 por importe de 2.019,73 €.*

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Resolver o lote 2 (*Proxecto 2. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis*) do contrato de subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia.

O devandito lote do contrato, subscrito coa empresa Setga, S.L.U. (CIF: B36699064), resolveuse ao abeiro da causa de resolución establecida no artigo 211.1, letra g) da LCSP pola imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, sen que sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205. Dita causa motívase nos feitos postos de manifesto no informe do responsable do contrato, de data 3 de xuño de 2024 (CSV: IUP9CLFH9SLY7YGT), conforme ao cal a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural impide a colocación de paneis fotovoltaicos na cuberta do edificio catalogado da Casa do Concello, Antigo Cárcere, o que supón a imposibilidade de executar máis do 50 por cento das obras.



2. Liberar nas aplicacións 24/942.1700.652.15.2021 e 24/942.1700.652.15.2023 do vixente Orzamento Provincial o crédito comprometido para atender aos gastos derivados desta contratación (ADREM 202400007935 por importe de 1.242,54 € na aplicación orzamentaria 24/942.1700.652.15.2021 e ADREM 202400007866 por importe de 47.634,86 € da 24/942.1700.652.15.2023).
3. Devolver a Setga, S.L.U. (CIF: B36699064) a garantía definitiva constituída para este contrato (carta de pago núm. 202300213915, de 16/10/2023, polo importe de 2.019,73 €).

6.34102.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO DO ACORDO MARCO DE SEGURIDADE E SAÚDE, LOTE 4. ZONA D DO ACORDO MARCO OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2021023434) (Devogaran 2024050197)

Por acordo de Xunta de Goberno de data 28/05/2021 adjudicouse o contrato derivado do acordo marco que rexe a prestación do servizo de seguridade e saúde no contrato derivado Lote 4. Zona D do acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra (Expte. 2021023434) a empresa *Ingeniería y Prevención de Riesgos S.L.* (B81470841) por importe de 4.537,50 €.

Nese acordo requíreselle a dita empresa que presenten unha garantía definitiva de 187,50 € no prazo de dez días hábiles.

Consta no expediente a constitución da garantía definitiva, carta de pago 202100111930 de data 04/06/2021 por importe de 187,50 €.

Tal e como indica o apartado 11 dos pregos administrativos do Acordo marco de seguridade e saúde (Expte.2020014145): “No caso de que se produza a execución satisfactoria do contrato derivado poderase devolver ou cancelar a garantía de xeito inmediato”, sendo o prazo de garantía a duración de cada contrato derivado que se adjudique.

Tendo en conta que este contrato derivado de seguridade e saúde finaliza coa obra coa que vai relacionado, cuxa acta de recepción favorable asinou se o 03/12/2021, faise necesario a tramitación da devolución da garantía do contrato derivado de seguridade e saúde.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade *Ingeniería y Prevención de Riesgos S.L.* (B81470841) unha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do Contrato derivado de seguridade e saúde do Contrato derivado LOTE 4. ZONA D do Acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra (Expte. 2021023434), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico pola entidade *Ingeniería y Prevención de Riesgos S.L.* (B81470841), por importe de 187,50 €, que foi depositada na Tesourería Provincial o 04/06/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100111930.

7.34103.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO DO ACORDO MARCO DE SEGURIDADE E SAÚDE, LOTE 3. ZONA C DO ACORDO MARCO OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2021022292) (Devogaran 2024050324)

Por acordo de Xunta de Goberno de data 28/05/2021 adxudicouse o contrato derivado do acordo marco que rexe a prestación do servizo de seguridade e saúde no contrato derivado Lote 3. Zona C do acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra (Expte. 2021022292) a empresa *Ingeniería y Prevención de Riesgos S.L.* (B81470841) por importe de 4.537,50 €.

Nese acordo requíreselle a dita empresa que presenten unha garantía definitiva de 187,50 € no prazo de dez días hábiles.

Consta no expediente a constitución da garantía definitiva, carta de pago 202100111937 de data 04/06/2021 por importe de 187,50 €.

Tal e como indica o apartado 11 dos pregos administrativos do Acordo marco de seguridade e saúde (Expte.2020014145): “*No caso de que se produza a execución satisfactoria do contrato derivado poderase devolver ou cancelar a garantía de xeito inmediato*”, sendo o prazo de garantía a duración de cada contrato derivado que se adxudique.



Tendo en conta que este contrato derivado de seguridade e saúde finaliza coa obra coa que vai relacionado, cuxa acta de recepción favorable asinouse o 26/11/2021, faise necesario a tramitación da devolución da garantía do contrato derivado de seguridade e saúde.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade *Ingeniería y Prevención de Riesgos S.L.* (B81470841) unha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do Contrato derivado de seguridade e saúde do Contrato derivado LOTE 3. ZONA C do Acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra (Expte. 2021022292), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico pola entidade *Ingeniería y Prevención de Riesgos S.L.* (B81470841), por importe de 187,50 €, que foi depositada na Tesourería Provincial o 04/06/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100111937.

8.34104.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO DO ACORDO MARCO DE SEGURIDADE E SAÚDE, LOTE 1. ZONA A DO ACORDO MARCO OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2021022282) (Devogaran 2024041179)

Por acordo de Xunta de Goberno de data 28/05/2021 adxudicouse o contrato derivado do acordo marco que rexe a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras de Deputación de Pontevedra para a obra “Contrato derivado Lote 1. Zona A do acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2021022282) a empresa *Técnica y Proyectos, S.A.* (A28171288) por importe de 6.054,30 € (IVE incluído).



Nese acordo requíreselle a dita empresa que presenta unha garantía definitiva por importe de 250,18 € no prazo de dez días hábiles.

Con data 27/09/2021 a empresa *Técnica y Proyectos, S.A.* (A28171288) constitúe dita garantía que consta no expediente (Carta de pago 202100141211 de 29/07/2021 por 250,18 €).

Tal e como indica o apartado 11 dos pregos administrativos do Acordo marco de seguridade e saúde (Expte.2020014145): “*No caso de que se produza a execución satisfactoria do contrato derivado poderase devolver ou cancelar a garantía de xeito inmediato*”, sendo o prazo de garantía a duración de cada contrato derivado que se adxudique.

Tendo en conta que este contrato derivado de seguridade e saúde finaliza coa obra coa que vai relacionado, cuxa acta de recepción favorable asinouse o 29/10/2021, faise necesario a tramitación da devolución da garantía do dito contrato derivado de seguridade e saúde.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da *Técnica y Proyectos, S.A.* (A28171288) unha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do Contrato derivado de seguridade e saúde do Contrato derivado LOTE 1. ZONA A do Acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra (Expte. 2021022282), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico pola entidade *Técnica y Proyectos, S.A.* (A28171288), por importe de 250,18 €, que foi depositada na Tesourería Provincial o 29/07/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100141211.



9.34105.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS DERIVADOS DO ACORDO MARCO DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DO PLAN MÓVESE. MOBILIDADE E VELOCIDADE. FASE III NOS LOTE 1, 2 E 3 (Expte. 2020019248) (Devogaran 2024031874)

Por acordo de Xunta de Goberno de data 26/03/2021 adxudicáronse os contratos derivados do acordo marco que rexe a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras do Plan Móvese. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III nos lotes 1, 2 e 3 (Expte. 202001924) as seguintes empresas:

Lotes	Empresa	Importe total
Lote 1. Zona Norte	TECNICA Y PROYECTOS, S.A.	9.310,08 €
Lote 2. Zona Centro	INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L.	8.893,50 €
Lote 3. Zona Sur	ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U	10.345,46 €

Nese acordo requíreselle as ditas empresas que presenten unha garantía definitiva correspondente ao 5% do prezo de adxudicación (sen IVE) no prazo de dez días hábiles.

Constan no expediente as cartas de pago xustificativas dos depósitos das fianzas definitivas, con datos que figuran a continuación:

Lotes	Empresa	Carta de pago	Datas	Importe garantía
Lote 1. Zona Norte	TECNICA Y PROYECTOS, S.A.	202100074471	19/04/2021	384,71 €
Lote 2. Zona Centro	INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L.	202100065909	09/04/2021	367,50 €
Lote 3. Zona Sur	ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U	202100067456	13/04/2021	427,50 €

Tal e como indica o apartado 11 dos pregos administrativos do Acordo marco de seguridade e saúde (Expte.2020014145): “No caso de que se produza a execución satisfactoria do contrato derivado poderase devolver ou cancelar a garantía de xeito inmediato”, sendo o prazo de garantía a duración de cada contrato derivado que se adxudique.

Tendo en conta que estes contratos derivados de seguridade e saúde finalizan coas obras coas que van relacionados, cuxas actas de recepción favorables asináronse o Lote 1 16/06/2022, o Lote 2 26/07/2022 e o Lote 3 06/09/2022, faise necesario a tramitación das devolucions da garantía dos tres contratos derivados de seguridade e saúde.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte das empresas TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (A28171288), INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L. (B81470841) e ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (A82876905) unhas garantías con eses conceptos e importes, e no que igualmente informa favorablemente ás súas devolucións.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base aos informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos Contratos derivados de seguridade e saúde das obras dos Lote 1, 2 e 3 do Plan Móvese. Mobilidade e velocidade. Fase III (Expte. 202001924), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder ás devolucións das garantías definitivas polas entidades segundo os seguintes datos:

Lotes	Empresa	Constitución	Carta de pago	Datas	Importe garantía
Lote 1. Zona Norte	TECNICA Y PROYECTOS, S.A.	Seguro Caución ASEFA	202100074471	19/04/2021	384,71 €
Lote 2. Zona Centro	INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L.	Metálico	202100065909	09/04/2021	367,50 €
Lote 3. Zona Sur	ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U	Metálico	202100067456	13/04/2021	427,50 €

10.34106.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GONDOMAR AO ABEIRO DO “PLAN +PROVINCIA” PARA A “ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3)”. (Expte.2024009333)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.



2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 23 de febreiro de 2024, punto núm. 6.33505, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.

3) No caso do *Concello de Gondomar*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE GONDOMAR					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	<i>7 peóns de obras públicas, 1 administrativo/a, 1 auxiliar administrativo/a, 1 condutor/a de camión, 1 palista e 1 tractorista a xornada completa durante 9 meses</i>	217.126,76 €	217.126,76 €	3.288,77 €	213.837,99 €

4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024044736 do 04/07/2024, solicita modificar o acordo de concesión da subvención motivado pola necesidade de axustar as duracións dos contratos previstas inicialmente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25^a.1^a das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer



prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza. No caso de supoñer unha subvención inferior, poderá destinarse a contía sobrante ao financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar a duración dos contratos, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión modificando o importe do orzamento, o importe da achega municipal e o importe da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE GONDOMAR					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	<i>7 peóns de obras públicas, 1 administrativo/a, 1 auxiliar administrativo/a e 1 palista a xornada completa durante 8,5 meses, 1 tractorista a xornada completa durante 8,42 meses e 1 condutor/a de camión a xornada completa durante 8,26 meses</i>	206.116,33 €	206.116,33 €	0,00 €	206.116,33 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 23 de febreiro de 2024, punto núm. 6.33505, no referente á subvención concedida ó *Concello de Gondomar*, CIF núm. P3602100D, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Gondomar (P3602100D)	12	<i>7 peóns de obras públicas, 1 administrativo/a, 1 auxiliar administrativo/a e 1 palista a xornada completa durante 8,5 meses, 1 tractorista a xornada completa durante 8,42 meses e 1 condutor/a de camión a xornada completa durante 8,26 meses</i>	206.116,33 €



RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: Z844BIHRZOE8YKNM) e da dilixencia de Intervención (CSV: 2S4CVKL1ZEIVE6C1), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 23 de febreiro de 2024, punto núm. 6.33505, no referente á subvención concedida ó *Concello de Gondomar*, CIF núm. P3602100D, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Gondomar (P3602100D)	12	<i>7 peóns de obras públicas, 1 administrativo/a, 1 auxiliar administrativo/a e 1 palista a xornada completa durante 8,5 meses, 1 tractorista a xornada completa durante 8,42 meses e 1 condutor/a de camión a xornada completa durante 8,26 meses</i>	206.116,33 €

O importe restante poderá destinarse o financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena do Plan +Provincia 2024.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

11.34107.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE ACESIBILIDADE AO CENTRO DE FORMACIÓN DE MATOSINHOS”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2023-CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (Expte.2023006357)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



- Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 13.32476, do 24/03/2023, concedeuse unha subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2022-2023, por importe de 174.014,80 euros ao *concello de Vilagarcía de Arousa* co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora de accesibilidade ao centro de formación de Matosinhos*” (Expte. 2023006357), en base a un orzamento que ascendía a 255.614,80 euros. O importe que restaba ata completar o orzamento financiábase coa axuda concedida a través do Plan EDUSI.
- A obra “*Mellora de accesibilidade ao centro de formación de Matosinhos*” (Expte. 2023006357) foi adxudicada no prezo (IVE Engadido) de 237.977,38 €, o que supón unha baixa na adxudicación de 17.637,42 €.
- En data 01/07/2024, mediante rexistro WEB2024043518, ten entrada na sede electrónica da Deputación, unha solicitude do *Concello de Vilagarcía de Arousa* na que manifesta a necesidade de modificar o proxecto técnico que figura no expediente dada a necesidade de facer fronte a diversas circunstancias que non se contemplaron no proxecto orixinal como, entre outras, a presenza de roca en parte da escavación para a execución da cimentación . En data 11/07/2024, a entidade municipal aporta o proxecto modificado da obra “*Mellora de accesibilidade ao centro de formación de Matosinhos*” (Expte.2023006357) e solicita a conformidade da Deputación a esta modificación, así como a aplicación da baixa acadada na adxudicación do contrato, na parte imputable á subvención outorgada pola Deputación, no financiamento do incremento de custe do modificado.
- Revisado o proxecto modificado do investimento “*Mellora de accesibilidade ao centro de formación de Matosinhos*” (Expte. 2023006357), compróbase que este non altera a finalidade da subvención, non afecta a calidade do proxectado pero supón unha variación orzamentaria con respecto ao proxecto orixinal do 6,74%.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- a. Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- b. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- c. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- d. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- e. Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- f. Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
- g. Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- h. Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.



Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Base 20ª das Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que establece que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado, admitindo que as modificacións se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.
- Artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, de 8 de novembro, que prevé que se poidan modificar os contratos cando se de algún dos tres supostos a), b) ou c) do seu parágrafo segundo e se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 16/07/2024, e da xefatura do servizo de Cooperación, de data 26/07/2024, que conclúen favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 29/07/2024 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado da obra “*Mellora de accesibilidade ao centro de formación de Matosínbos*” Expte.2023006357), aos efectos de que o investimento incluído no Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, poida ser executado nos termos establecidos polo Concello. O proxecto modificado non altera a finalidade da subvención nin afecta a calidade do proxectado, pero supón unha variación orzamentaria con respecto ao proxecto orixinal do 6,74%.



- Autorizar que a baixa de adxudicación na parte imputable á Deputación, que ascende a 12.007,02 €, se aplique no financiamento do devandito proxecto modificado.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.34108.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO-FUNDAMAR, DO CONCELLO DE VIGO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A PUBLICACIÓN E AUDIOVISUAL “O MAR A RAÍAS. RASPIÑA, SHU E OS OFICIOS TRADICIONAIS DO MAR”, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 05/07/2024, (Expte. 2024019086)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024, aprobou as bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024 (acordo núm. 2.33478), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 26 de febreiro de 2024 (BOPPO núm. 40).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 5 de xullo de 2024 (acordo núm. 7.33999), acordou concederlle á *Fundación para la Pesca y el Marisqueo-FUNDAMAR* (CIF: G27745397) unha achega de 3.724,97 euros para a publicación e audiovisual "O mar a raías. Raspiña, Shu e os oficios tradicionais do mar", con cargo á aplicación 24/332.3322.789.00 do vixente Orzamento provincial. Con data 12 de xullo de 2024, número de rexistro WEB2024046493, a *Fundación para la Pesca y el Marisqueo-FUNDAMAR* presenta renuncia á subvención concedida no seu día debido a que o importe concedido é insuficiente para cubrir os custos necesarios para levar a cabo o seu proxecto.

Con data 15 de xullo de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa esta proposta de renuncia, na que solicita a fiscalización do expediente e o conforme da área de Intervención. Con data 24 de xullo de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).



- ✓ Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- ✓ Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- ✓ Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base Reguladora 14ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.



A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a *Fundación para la Pesca y el Marisqueo-FUNDAMAR* presenta, o 12 de xullo de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención para a publicación e audiovisual "O mar a raias. Raspiña, Shu e os oficios tradicionais do mar", ao abeiro das subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de para o ano 2024.

Dado que non se ven prejudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 15 de xullo de 2024 (CSV: 87HHJTSWIAICVBM2) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 24 de xullo de 2024 (CSV:8MFCTJXFL2U83V1M), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da *Fundación para la Pesca y el Marisqueo-FUNDAMAR* á subvención concedida para a publicación e audiovisual "O mar a raias. Raspiña, Shu e os oficios tradicionais do mar", ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.

- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.

- Darlle traslado do presente acordo á *Fundación para la Pesca y el Marisqueo-FUNDAMAR*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

13.34109.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL CINEMATOGRAFICA DE GALICIA FICBUEU, DO CONCELLO DE BUEU, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O AUDIOVISUAL "O LEGADO DE LUGRÍS EN BUEU", APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 05/07/2024, (Expte. 2024018841)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024, aprobou as bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024 (acordo núm. 2.33478), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 26 de febreiro de 2024 (BOPPO núm. 40).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 5 de xullo de 2024 (acordo nº7.33999), acordou concederlle á *Asociación Cultural Cinematográfica de Galicia FICBUEU* (CIF: G94146362) unha achega de 3.594,27 € para o audiovisual "O legado de LUGRÍS en Bueu", con cargo á aplicación 24/332.3322.789.00 do vixente Orzamento provincial.



Con data 17 de xullo de 2024, número de rexistro WEB2024047265, a Asociación Cultural Cinematográfica de Galicia FICBUEU presenta renuncia á subvención concedida no seu día debido a que o importe asignado é insuficiente para levar a cabo o seu proxecto e non dispoñer doutros medios de financiamento.

Con data 18 de xullo de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa esta proposta de renuncia, na que solicita a fiscalización do expediente e o conforme da área de Intervención.

Con data 24 de xullo de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- ✓ Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- ✓ Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- ✓ Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base Reguladora 14^a da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.



Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a *Asociación Cultural Cinematográfica de Galicia FICBUEU* presenta, o 17 de xullo de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención para a realización do audiovisual “*O legado de Lugo en Buen*”, ao abeiro das subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de para o ano 2024.



Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 18 de xullo de 2024 (CSV:M5NUPDX8YLU'LDPO) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 24 de xullo de 2024 (CSV:ZBU17MBRMFB121GQ), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da *Asociación Cultural Cinematográfica de Galicia FICBUEU* á subvención concedida para o audiovisual “*O legado de Lugo en Buen*”, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo á *Asociación Cultural Cinematográfica de Galicia FICBUEU*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

14.34110.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN TEATRO COMPAÑÍA CARACOL, DO CONCELLO DE CAMBADOS, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A PUBLICACIÓN E MICRO-DOCUMENTAIS SOBRE OS 31 ANOS DA ASOCIACIÓN TEATRO COMPAÑÍA CARACOL, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 05/07/2024, (Expte. 2024023887)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024, aprobou as bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024 (acordo núm. 2.33478), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 26 de febreiro de 2024 (BOPPO núm. 40).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 5 de xullo de 2024 (acordo núm. 7.33999), acordou concederlle á *Asociación Teatro Compañía Caracol* (CIF: G36349850) unha achega de 3.332,87 euros para a publicación do libro e micro-documentais sobre os 31 anos da asociación Teatro Compañía Caracol, con cargo á aplicación 24/332.3322.789.00 do vixente Orzamento provincial.

Con data 18 de xullo de 2024, número de rexistro WEB2024047444, a Asociación Teatro Compañía Caracol presenta renuncia á subvención concedida no seu día debido a que o importe concedido é insuficiente para cubrir os custos necesarios para levar a cabo o seu proxecto.

Con data 19 de xullo de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa esta proposta de renuncia, na que solicita a fiscalización do expediente e o conforme da área de Intervención. Con data 24 de xullo de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- ✓ Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- ✓ Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- ✓ Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base Reguladora 14^a da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.



RÉXIME COMPETENTENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a Asociación Teatro Compañía Caracol presenta, o 18 de xullo de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención para a realización da publicación do libro e micro-documentais sobre os 31 anos da *Asociación Teatro Compañía Caracol*, ao abeiro das subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de para o ano 2024.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 19 de xullo de 2024 (CSV:VPZZXIYCZTLPT8T3) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 24 de xullo de 2024 (CSV:1UX8BPNMIU1CA658), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da *Asociación Teatro Compañía Caracol* á subvención concedida para a publicación do libro e micro-documentais sobre os 31 anos da *Asociación Teatro Compañía Caracol*, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo á *Asociación Teatro Compañía Caracol*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



15.34111.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN ASEMMO MOAÑA, DO CONCELLO DE MOAÑA, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O AUDIOVISUAL “RAÚL ALFONSÍN, UNHA VIAXE DE IDA E VOLTA”, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 05/07/2024, (Expte. 2024024214)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024, aprobou as bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024 (acordo núm. 2.33478), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 26 de febreiro de 2024 (BOPPO núm. 40).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 5 de xullo de 2024 (acordo núm. 7.33999), acordou concederlle á *Asociación Asemmo Moaña* (CIF: G94180213) unha achega de 3.267,52 € euros para o audiovisual “*Raúl Alfonsín, unha viaxe de ida e volta*”, con cargo á aplicación 24/332.3322.789.00 do vixente Orzamento provincial.

Con data 19 de xullo de 2024, número de rexistro WEB2024047764, a *Asociación Asemmo Moaña* presenta renuncia á subvención concedida para o audiovisual “*Raúl Alfonsín, unha viaxe de ida e volta*”.

Con data 22 de xullo de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa esta proposta de renuncia, na que solicita a fiscalización do expediente e o conforme da área de Intervención. Con data 24 de xullo de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- ✓ Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).



- ✓ Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- ✓ Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base Reguladora 14^a da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servicio de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENTENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.



A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a *Asociación Cultural Asemmo Moaña* presenta, o 19 de xullo de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención para a realización do audiovisual “*Raúl Alfonsín, unha viaxe de ida e volta*”, ao abeiro das subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de para o ano 2024.

Dado que non se ven prejudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 22 de xullo de 2024 (CSV:DY6LQPZC2YMG0H3P) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 24 de xullo de 2024 (CSV:55FBC16RLEM1533K), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da *Asociación Asemmo Moaña* á subvención concedida para o audiovisual “*Raúl Alfonsín, unha viaxe de ida e volta*”, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo á *Asociación Asemmo Moaña*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

16.34112.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte.2024051485)

a) Vista a relación de facturas con número 2024051485, que contén 5 facturas e por un importe de 11.607,46€ e con CSV: LQ4EN0KY6GIRW0NA, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 26/07/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	11.607,46€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	11.607,46€



17.34113.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

18.34114.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

19.34115.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e cinco do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

